



Programa de prevención de drogodependencias

CINENSINO

2009-2010



Programa reconecido de interese sanitario pola
Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia

Programa recomendado pola
Axencia Audiovisual Galega

Programa recomendado polo
Consortio Audiovisual de Galicia

Ensino Secundario Obrigatorio

1º e 2º ESO

www.cinensino.com



INDICE

- 1. INTRODUCCIÓN**
- 2. DESTINATARIOS**
- 3. OBXECTIVOS**
- 4. CURSO DE FORMACIÓN DO PROFESORADO**
- 5. SELECCIÓN DAS PELÍCULAS**
- 6. UNIDADES DIDÁCTICAS**
- 7. INSCRICIÓN**
- 8. PROGRAMACIÓN**
- 9. METODOLOXÍA DE APLICACIÓN**



1. INTRODUCCIÓN

O programa de prevención de drogodependencias “CINENSINO” englobase dentro do contexto de Educación para a Saúde e pretende ser un instrumento complementario nesta área e dentro do actual sistema educativo. Para iso o programa debe ser asumido polo centro educativo ao que se lle facilita asesoramento, medios e formación imprescindible para que sexa impartido polo propio profesorado.

Este programa utiliza como soporte base o cinema; mediante a proxección de tres películas irase profundando e traballando en diferentes temas de interese relacionados coa prevención do consumo de drogas.

O programa consta dun curso de formación en drogodependencias para o profesorado, a proxección de tres películas en formato 35 mm e de tres módulos principais ou unidades didácticas para traballar cos alumnos secuenciadas en catro sesións por unidade. Cada sesión consta dunha serie de explicacións dirixidas polo profesor/a que permiten definir e orientar os contidos sobre os que se vai traballar e dunha serie de exercicios e de actividades que faciliten a reflexión e a participación dos alumnos/as.

1.1. ¿Por que nos centros educativos?

O eido escolar posúe un interese especial para a posta en marcha de accións de carácter preventivo e constitúe un contexto privilexiado para impartir programas de prevención do consumo de drogas. Algunhas das vantaxes que ofrecen os centros educativos para traballar nesa tarefa son:

- a) A institución educativa acolle durante uns anos á práctica totalidade da poboación adolescente, é este sector da poboación o considerado como de maior risco en canto ao inicio do consumo de drogas.
- b) Por razóns de idade, esta poboación é bastante homoxénea e especialmente educable, de maneira que se poden impartir coñecementos, adquirir actitudes e establecer certos hábitos dunha maneira gradual e persistente.
- c) Os adolescentes pasan a maior parte do tempo na institución educativa, que é ademais, un micromundo social polo que a súa normativa e funcionamento é xeneralizable a outros contextos.
- d) A escola pode detectar problemas temperáns e orientar cara a alternativas máis adaptativas e enriquecedoras, contando coa participación dunha serie de mediadores sociais moi amplo:



pais/nais, profesores/as, alumnos/as, psicólogos/as; así como outros axentes sociais que actúan en conexión co contorno escolar.

1.2. ¿Por que por medio do cinema?

É evidente que os medios de comunicación audiovisuais son unha ferramenta privilexiada para lexitimar comportamentos. O cinema axuda a observar, non só vendo, tamén sentindo, fainos críticos e abertos a unha linguaxe máis global. Pode ser considerado como un medio de comunicación sen máis, como unha creación artística, como unha fonte de coñecemento, como unha alternativa de ocio e goce... pero tamén vemos nel unha maneira de ensinar ou de aprender actitudes e comportamentos máis saudables. Dende este punto de vista, o cinema é a nosa ferramenta pedagóxica na aula.

2. DESTINATARIOS

- O Programa de Prevención “CINENSINO” vai dirixido aos alumnos de 1º e 2º da ESO (11-13 anos).
- Aos profesores que imparten clases neses niveis como axentes executores deste Programa.

3. OBXECTIVOS

Aínda que o fin último que pretende todo programa de prevención é o de prever a aparición de problemas relacionados co consumo de drogas entre os destinatarios do mesmo, isto perséguese mediante a secuenciación doutros obxectivos que se estenden dende un ámbito máis xeral a outro máis concreto.

3.1. Obxectivos xerais

- Ofrecerlles aos mozos/as información veraz e detallada acerca da natureza, os efectos e mais os riscos que derivan do uso de drogas.
- Contrarrestar a influencia dalgúns factores que poden favorecer a aparición de problemas de consumo, tales como a falta de información, subxectividade da mesma, crenzas de autoprotección e resistencia ao dano, etc.
- Fortalecer nos alumnos/as algúns recursos persoais que lles permitan manexarse adecuadamente en situacións de grupo relacionadas co consumo de drogas.
- Promover o desenvolvemento de actitudes e valores favorecedores da saúde, a ocupación enriquecedora do tempo mediante ocio e deportes.
- En definitiva, atrasar ou impedir o inicio no consumo de drogas.



3.2. Obxectivos específicos

Modificar algúns dos factores de risco e potenciar aqueloutros facilitadores dunha maior protección, tales como:

- Coñecemento da interacción drogas-organismo, consecuencias do seu uso e riscos asociados.
- Tratar de favorecer o sentido crítico fronte á propaganda que potencia o consumo de substancias legais baixo argumentos de anticonvencionalismos e busca de sensacións.
- Potenciar a autoestima, a capacidade de decisión, a autonomía persoal e reforzar a asertividade como medios para potenciar a resistencia á presión do grupo
- Mostrar alternativas de ocio e deporte facilitadoras de experiencias novidasas e excitantes para os/as adolescentes.

4. CURSO DE TELEFORMACIÓN DO PROFESORADO (Optativo)

Introdución:

A teleformación é un recurso educativo que ofrece, a través de internet, unha serie de posibilidades cara á optimización da aprendizaxe. A posible flexibilidade horaria (non é necesaria a asistencia a unha aula nun tempo establecido) permítelle, á persoa que aprende, seguir un ritmo de traballo de acordo cos seus coñecementos previos e o seu tempo libre. Este sistema de ensinanza salva as barreiras espaciais, achegando as ofertas de formación a calquera lugar onde se encontre a persoa interesada.

O uso das novas tecnoloxías da comunicación, a través da internet, fai posible non só o acceso ás páxinas web, que nos serven de medios de traballo senón a unha inmensa fonte de información coa que tamén podemos ampliar diversos aspectos dos contidos e materiais do curso.

Destinatarios:

Profesores de 1º e 2º curso da ESO dos centros escolares inscritos no Programa de prevención de drogodependencias “CINENSINO” do curso 2009/2010.

Obxectivos:

O presente curso de formación pretende ofrecerlles aos profesores/as que impartirán o programa CINENSINO unha serie de coñecementos básicos sobre drogodependencias, de maneira que poidan desenvolverse con soltura no tratamento desta problemática e servir de punto de referencia, sólido e fiable, ante as expectativas que poidan xurdir dende o alumnado. Neste sentido os



contidos do curso foron seleccionados e desenvolvidos dende a perspectiva do alumnado, de maneira que poidan responder ás súas necesidades e inquietudes, tanto informativas coma formativas.

Contidos:

- Contidos teóricos: (20 horas)

O temario do curso teórico preséntase a través dunha plataforma de teleformación (PTF) con fácil acceso xa que só precisa a conexión á internet e acceder aos enderezos web www.estinga.com ou www.cinensino.com. Este temario está estruturado en 3 módulos. O módulo 1 céntrase en aspectos introductorios xenéricos sobre o tema das drogodependencias, así como no papel da información e do profesor/a no ámbito da prevención. O módulo 2 recolle os principais factores que poden estar incidindo no inicio do consumo de drogas, abordados dende os diferentes ámbitos polos que transcorre a vida dos/as adolescentes. No seu conxunto tratan de dar luz á cuestión de por que se consomen as drogas. No módulo 3, preséntanse os temas relacionados cos factores de risco e protección a traballar especificamente con cada unha das unidades didácticas.

- Contidos prácticos: (12 horas)

A desenvolver por cada profesor/a na aula despois de visionar cadansúa película e co apoio da unidade didáctica correspondente.

Prazas e criterios de admisión:

O número de prazas corresponderase co número de profesores/as inscritos/as no programa e non poderá exceder de un profesor por aula de cada centro escolar inscrito.

Inscricións:

A inscrición é gratuíta e pódese facer na web de Estinga ou entregando o cuestionario que a continuación se adxunta debidamente cuberto e envialo a:

Estinga Servicios Sociales, S.L.
Avda. do Camiño Francés, nº 4. 1º A
15704. Santiago de Compostela
Tfno.: 981 – 577.142
Fax: 981 – 575.603
Correo electrónico: cinensino@estinga.com
Web: www.estinga.com ou www.cinensino.com



Unha vez inscrito cada profesor/a recibirá un “**identificador**” e unha “**clave**” para poder acceder ao Programa de Teleformación (xa que é de acceso restrinxido).

Datos:

- **Calendario teórico:**
A Plataforma de Teleformación estará dispoñible (on-line) dende o 6 de outubro de 2009 ata o 31 de marzo de 2010.
- **Calendario práctico:**
A desenvolver por cada profesor/a na aula despois de visionar a película correspondente.

NOTA IMPORTANTE: Unha vez aprobado o curso de formación, o profesorado participante que teña rematado o curso, recibirá un certificado de asistencia emitido pola Consellería de Sanidade que en ningún caso supón a homologación do curso por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

5. SELECCIÓN DAS PELÍCULAS

- **Adecuación á idade do alumno e temática**

Unha das grandes limitacións coas que nos atopamos dende CINENSINO á hora de seleccionar as películas a proxectar para cada curso escolar é a lexislación en materia de calificación de películas por idades. Segundo a lexislación vixente (**Lei 15/2001 de 9 de xullo, de fomento e promoción da cinematografía e o sector audiovisual**) non existe prohibición (si recomendación) para ver unha película, agás no caso das cualificadas como “X” que teñen o acceso prohibido aos menores de 18 anos.

As calificacións referidas a outros grupos de idade teñen carácter orientador e informador para pais/nais e educadores. Sen embargo, no Convenio da Organización de Nacións Unidas de 20 de novembro de 1989 sobre os dereitos do neno, ratificado por España en novembro de 1990 non se recomenda aos menores de 13 anos o visionado de películas que presenten comportamentos sociais nos que apareza a utilización habitual e os efectos das drogas.

Por outra banda, dende a Consellería de Sanidade, recomendan comezar a prevención específica de drogodependencias a partir do 1º e 2º cursos da E.S.O. Isto supón unha limitación evidente xa que non debemos emitir películas con temática explícita sobre consumo de drogas pero debemos facer prevención nas idades críticas do alumnado. Esta situación resolvémola seleccionando películas cunha temática que sexa susceptible de extrapolar a situacións de posible consumo de drogas e, a través das unidades didácticas, traballamos cos alumnos as estratexias deseñadas polo programa para retrasar ou impedir o inicio no consumo de drogas.

- **Duración**

Este factor é moi importante á hora de seleccionar as películas xa que a loxística de cada centro escolar depende disto. Tentamos que as películas non excedan os 100 min. o que permite aos centros escolares unha mellor xestión do horario lectivo. Por outra banda, unha duración excesiva da película reduciría a capacidade de atención dos/as alumnos/as, dando orixe á desconcentración, perda de interese e posibles situacións de desorde que afectarían a todos os participantes na proxección.

- **Calidade da película**

Este apartado está directamente relacionado cos dous anteriores debido a que as limitacións por idade, a problemática do tema e a duración máxima da película reducen sensiblemente as posibilidades de selección de películas que se axustarían máis e mellor as obxectivos establecidos polo programa. Non obstante, e a pesar de todas as limitacións coas que nos enfrontamos, dende Cinensino pretendemos que a nosa elección atenda basicamente a tres criterios: CALIDADE, ACTUALIDADE E ATRACTIVO para os alumnos destas idades o que, nalgúns casos, supón seleccionar películas con certa tinteira comercial pero non por iso menos efectivos á hora conseguir o que debe ser o noso obxectivo: a prevención de drogodependencias.

6. UNIDADES DIDÁCTICAS

6.1.- Estructura

Cada unidade didáctica estará dividida en diferentes sesións que permiten a secuenciación da mesma. Esta unidade consta dun “manual para o profesorado” e dun “caderno do alumnado”. No primeiro ofréceselle ao profesor/a unha explicación do que se pretende traballar e a base teórica que o sustenta, así como a información que precisa para o desenvolvemento das sesións e as actividades que van realizar os alumnos/as.

Para cada sesión aparece unha secuencia de execución na que se indican os pasos que hai que seguir, os contidos informativos que deberá transmitir e os aspectos que se van destacar durante esa sesión.

Por outra banda, o manual é unha proposta de traballo aberta, de maneira que é posible introducir modificacións relacionadas cos contidos, coas actividades e mais a metodoloxía se o profesor/a o considera oportuno.

No “caderno do alumnado” tamén se presenta información, exercicios e actividades que deben ser feitos polos alumnos/as para o posterior debate e finalidade preventiva que buscan. Algúns deles precisan explicacións e encadramentos do profesor/a, outros oríentanse á reflexión de forma lúdica por parte do propio alumnado.

6.2.- Módulos

Os módulos a traballar en cada unidade didáctica son escollidos atendendo ao modelo integrador do programa CINENSINO que sostén que o consumo de drogas está condicionado por múltiples elementos; variables de carácter persoal e socio-cultural, e características das substancias consumidas, que explican por que unhas persoas consumen drogas e outras non o fan. É aquí onde aparecen os conceptos de “factores de risco” e “factores de protección” relacionados co consumo de drogas (Clayton, R.R., 1992).

*“.....Enténdese por **factores de risco** o conxunto de circunstancias, feitos e elementos persoais, sociais ou relacionados coa substancia, que aumentan a probabilidade de que un suxeito se inicie e se manteña nun consumo de drogas ou que incremente a frecuencia ou intensidade do consumo. Serían, pois, aquelas variables ou características que permiten predicir o desenvolvemento da conducta problema, os que sitúan aos suxeitos nunha posición de vulnerabilidade fronte a estes comportamentos”*

*(...) A influencia dos factores de risco aparece modulada ou tamizada pola existencia dunha serie de circunstancias ou características persoais ou sociais dos suxeitos que deron en denominarse **factores de protección**. Deste modo, adolescentes ou mozos/as expostos á influencia de diversos factores de risco poden non reproducir comportamentos de uso e abuso de drogas, se dispoñen dun adecuado adestramento en habilidades de resistencia ou no campo das habilidades sociais. (...)*

“Non obstante, debe de terse presente que os factores de risco teñen unha maior potencia que os factores de protección como condicionantes da presenza-ausencia de consumo de drogas (Navarro, J., 2000). Dito doutra maneira, a capacidade protectora de certas variables redúcese sensiblemente en presenza dos factores de risco, razón pola cal o control ou neutralización dos factores de risco debe ocupar unha posición central no contexto dos programas de prevención...”

(PLAN DE GALICIA SOBRE DROGAS 2004/2008)

A tenor do anteriormente reseñado pasamos a facer unha descrición dos factores de risco a traballar neste curso:



1ª UNIDADE DIDÁCTICA: CITY OF EMBER

Módulo (factor de risco): Toma de decisións.

Concreción do factor: Anticipar consecuencias, pensamento crítico, estratexias publicitarias.

Nivel: Individual - Cognitivo

Tema: Ti decides!

OBXECTIVO XERAL DA UNIDADE DIDÁCTICA

Sensibilizar os escolares acerca da conveniencia de xulgar as situacións nas que se ven involucrados anticipando as consecuencias para tomar as decisións máis adecuadas.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

CONCEPTUAIS	PROCEDEMENTAIS	ACTITUDINAIS
1. Coñecer os procesos cognitivos que interveñen na toma de decisións. 2. Contidos do “Ver - Xulgar – Decidir” como proceso simple para tomar decisións. 3. Aprender a identificar os riscos asociados a situacións de incerteza. 4. Informar da intencionalidade das estratexias publicitarias.	1. Examinar as vantaxes das decisións cando nos parecen acertadas. 2. Exemplificar a toma de decisións baseadas na película. 3. Buscar información para aclarar situacións de incerteza. 4. Identificar estratexias publicitarias para influír na toma de decisións.	1. Identificar os pasos seguidos nunha decisión individual. 2. Visualizar os proles e os contras asociados ás decisións. 3. Reforzar posturas críticas ante situacións de incerteza. 4. Activar posturas axuizadas fronte á publicidade dirixida ao consumo.
SECCIÓN	ÁMBITO	CONTIDOS
1ª	COÑECEMENTO	- O proceso da decisión. - Circuitos cerebrais relacionados coa decisión. - A toma de decisións en adolescentes. - De onde veñen os riscos? - A publicidade como estratexia para vencer ou convencer.
2ª	APECTIVO	- Importancia do afectivo na toma de decisións. - O coñecemento e a afectividade nas decisións dos adolescentes. - Sentimentos asociados ante decisións de incerteza, risco ou perigo. - O afectivo como recurso publicitario asociado ao consumo.
3ª	HABILIDADES	Identificar procesos subxacentes ás decisións de cada individuo. - Buscar erros derivados de decisións inadecuadas. - Procedementos para tomar decisións de menor risco. - O erro como argumento para mellorar a toma de decisións. - Desenmascarar estratexias publicitarias relacionadas co consumo.



2ª UNIDADE DIDÁCTICA: EL HIJO DE RAMBOW

Módulo (factor de risco): Presión de grupo.

Concreción do factor: Debilidade fronte á presión do grupo, excesiva dependencia do grupo. Sinais de identidade grupal baseadas no consumo. Nivel: Social, Grupal Tema: Eu coma Rambo!		
OBXECTIVO XERAL DA UNIDADE DIDÁCTICA		
Axudar os adolescentes a descubrir os beneficios e as vantaxes que lles reportan os/as amigos/as.		
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS		
CONCEPTUAIS	PROCEDEMENTAIS	ACTITUDINAIS
1. Concretar a importancia das relacións sociais na adolescencia. 2. Distinguir diferentes tipos de relacións que se poden dar entre compañeiros/as na adolescencia. 3. Exemplificar os beneficios e as vantaxes desas relacións en base á película. 4. Criterios nos que se basea a verdadeira amizade utilizando secuencias da película.	1. Imaxinar que sería a nosa vida sen os demais iguais. 2. Valorar as relacións de amizade que tivo cada adolescente ao longo da súa vida. 3. Valorar a contribución dos amigos no desenvolvemento persoal logrado. 4. Identificar accións dos demais cualificables de verdadeira amizade.	1. Predisposición dos adolescentes á relación con outros iguais. 2. Subliñar a achega que supuxo para cada adolescente cada tipo de relación que mantivo. 3. Posicionarse ante influencias negativas doutros iguais. 4. Posicionamento crítico ante escenas da película de verdadeira amizade.
SECCIÓN	ÁMBITO	CONTIDOS
1ª	COÑECEMENTO	- A relación social dos/as adolescentes. - Os beneficios da relación cos iguais. - Riscos asociados á necesidade de estar con outros/as. - O comportamento asertivo entre amigos/as. - Importancia de lle dicir non a un amigo/a e quedar ben.
2ª	APECTIVO	- Sentimentos asociados ás relacións sociais insatisfactorias. - Sentimentos derivados da verdadeira amizade. - O autorrespecto e a autoestima nas pandas adolescentes. - O benestar persoal é cousa dos/as amigos/as.
3ª	HABILIDADES	- Saber suscitarlles problemas aos/as amigos/as. - Instrución en prácticas asertivas. - Identificación de situacións de explotación e abuso entre compañeiros/as. - Consellos para lles facer fronte ás situacións de abuso e explotación.

3ª UNIDADE DIDÁCTICA: PEQUEÑOS INVASORES

Módulo (factor de risco): Autoestima negativista

Concreción do factor: Procura de protagonismo negativo. Chamar a atención polo rexeitable.
Nivel: Individual - Cognitivo
Tema: Non, paso!

OBXECTIVO XERAL DA UNIDADE DIDÁCTICA

Facerlles ver aos escolares que o esforzo e o interese por chamar a atención de xeito negativista pode ser reorientado para favorecer o seu desenvolvemento persoal e a autoimaxe.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

CONCEPTUAIS	PROCEDIMENTAIS	ACTITUDINAIS
1. Coñecer os aspectos que abarca a autoestima nos/as adolescentes. 2. Concretar as características diferenciadoras da autoestima positiva e a negativa. 3. Relacionar a autoestima coas actitudes e os comportamentos dos/as adolescentes. 4. Sinalar as dificultades e mais os riscos asociados a unha autoestima negativa.	1. Examinar personaxes con boa autoestima coñecidos polo alumnado. 2. Poñer exemplos de autoestima positiva e negativa en base á película <i>Pequeños invasores</i> . 3. Relacionar mediante exemplos comportamentos derivados dunha autoestima positiva. 4. Identificar condutas e actitudes dos/as adolescentes cunha autoestima negativista.	1. Recoñecer a predisposición do/a adolescente para darse valor. 2. Identificar algunha característica da autoestima dalgún compañeiro/a da clase. 3. Axudar a identificar características da autoestima propia. 4. Desactivar e substituír condutas e actitudes emanadas dunha autoestima negativista.
SECCIÓN	ÁMBITO	CONTIDOS
1ª	COÑECEMENTO	- Definición de autoestima. - Implicacións da autoestima na saúde e o benestar - Características que definen unha autoestima positiva. - A autoestima negativa no/a adolescente. - Comportamentos asociados a unha autoestima negativa - O esforzo por chamar a atención pode ser encarreirado.
2ª	AFECTIVO	- A autoestima no desenvolvemento afectivo dos/as adolescentes. - A necesidade de valorarnos e que se nos valore. - Procura de valor: autoestima positiva e negativa. - A presión do grupo e a autoestima negativa. - Riscos dunha autoestima con predominio negativista.
3ª	HABILIDADES	- Identificar valores subxacentes na autoestima de cada suxeito. - Buscar condutas persoais relacionadas cunha autoestima negativa e positiva. - Procedementos para reorientar unha autoestima negativa en actitudes e comportamentos positivistas. - Desenmascarar estratexias publicitarias relacionadas coa procura dunha autoimaxe negativista.



7.- INSCRICIÓN:


As inscricións dos centros escolares* no programa de prevención de drogodependencias “CINENSINO” pódense facer na web de Estinga ou entregando o cuestionario que a continuación se adxunta debidamente cuberto e envialo a:

Estinga Servicios Sociales, S.L.
Avda. do Camiño Francés, nº 4. 1º A
15.704. Santiago de Compostela
Tfno.: 981 – 577.142
Fax: 981 – 575.603
Correo electrónico: cinensino@estinga.com
Web: www.estinga.com

AS INSCRICIÓN SERÁN ATENDIDAS POR RIGOROSA ORDE DE CHEGADA ATA COMPLETAR O CUPO CORRESPONDENTE A CADA CONCELLO.
--

* Aínda que o Curso de Formación do Profesorado é optativo, na adxudicación do continxente de alumnos/as a cada centro escolar, terán preferencia os colexios que contén coa participación do profesorado nese curso.

8.- PROGRAMACIÓN 2009/2010*



CITY OF EMBER. EN BUSCA DE LA LUZ

101 min

Gil Kenan, USA, estreada en España en 2009

Algún tipo de catástrofe ecolóxica sacode a Terra. Os superviventes deben refuxiarse baixo a superficie terrestre, na cidade de Ember, pensada para tal urxencia. Os sucesivos alcaldes da subterránea metrópole traspasarán ao longo dos anos, uns a outros, unha enigmática caixa que anunciará cando volver ao exterior pero o tempo pasa, e a cadea de entrega da caixa rompe, de modo que esta queda esquecida. Namentres a cidade inicia inexorablemente a súa decadencia. Por sorte andan por aí dous espertos mozos, Lina e Doon. Os dous acaban de facer o seu xuramento

de servizo a Ember, e comezan a traballar, a primeira como mensaxeira, e o outro no mantemento das tubaxes da cidade.

Módulo: Toma de decisións



EL HIJO DE RAMBOW

97 min

Garth Jennings, Reino Unido e Francia, estreada en España en 2009

Will Proudfoot leva unha vida diferente dos demais mozos da súa idade en parte polo ambiente pechado da familia e polo grupo ao que pertence, con todo, é capaz de crear un mundo de imaxinación de historias e heroes inspiradas no personaxe de Rambo, tanto é así que imaxina que é “o fillo de Rambo”. Coñece a Lee, un compañeiro problemático de colexio e aos poucos entre os dous vai xurdindo unha profunda amizade, reforzada polo proxecto de facer unha película para presentar a un concurso. Este feito

sérvelles de reclamo a outros compañeiros que solicitan a súa participación, así “o fillo de Rambo” vai pasando dun tipo raro a ser admirado e estimado polos demais. Malia as diferenzas e os problemas que van xurdindo impónse unha profunda e sincera amizade entre os protagonistas da película.

Módulo: Presión de grupo



PEQUEÑOS INVASORES

88 minutos

John Schultz, USA, estreada en España en 2009

Os Pearson, un matrimonio con tres fillos, marchan para pasar uns días a unha casa no campo, onde se atopan cos seus tíos e primos. O maior dos mozos é Tom, un espigado adolescente, bastante listo pero pouco espelido, que non quería ir ata alí e que empeza a ver como se deterioran as relacións co seu pai. Ademais, Tom non pode nin ver o estúpido noivo da súa irmá Bethany, pero adora a súa pequena irmanciña Hannah. Con todo, ao pouco de chegar ao lugar, durante unha velada de sobremesa, aterran no tellado uns estraños e pequenos alieníxenas con moi malas pulgas.

Tras a sorpresa e sen llelo dicir aos adultos, os Pearson e os seus primos intentarán por todos os medios frear esa avanzada extraterrestre que se propón abrir brecha na Terra para que as súas conxéneres invadan o planeta.

Módulo: Autoestima negativista

**Etinga Servicios Sociales. S.L., resérvase o dereito de alterar a programación cando causas alleas á organización así o aconsellen.*



9.- METODOLOXÍA DE APLICACIÓN

1.- Os alumnos/as de cada centro escolar participante **deberán acudir á sala de proxeccións acompañados polo/a docente encargado/a da aplicación das unidades didácticas na aula.**

2.- Pregámoslles **que cheguen á sala con tempo de antelación suficiente para acomodarse** e evitar atrasos no comezo das proxeccións, **así como esperar na porta a que os/as chame a organización**, co fin de realizar unha entrada ordenada.

3.- Durante a proxección, **os profesores/as responsables da actividade supervisarán o comportamento dos alumnos/as**, para evitar que se produzan situacións de desorde, faltas de respecto aos compañeiros/as ou actitudes que prexudiquen dalgunha maneira a calidade da visión. **Tamén procurarán que os alumnos/as non coman larpeiradas**, co fin de respectar a limpeza da sala e as molestias que ocasiona esta actividade. Neste punto, **o persoal da organización poderá tomar as medidas que estime axeitadas para garantir o correcto desenvolvemento do programa.**

4.- **É imprescindible a asistencia á totalidade das proxeccións** por parte dos alumnos/as así como do profesorado que participa no programa.

5.- Dado o carácter secuencial do programa, **é necesaria a asistencia do mesmo grupo de alumnos/as co mesmo docente a cada unha das proxeccións.**

6.- A cada docente faráselle entrega dun manual do profesorado e dun caderno do alumnado para a correcta aplicación do material. Aos alumnos/as entregaráselles o caderno de alumnado para cubri-lo na aula.

7.- É necesario que a utilización dos materiais se faga de xeito inmediato despois de ver a película xa que disto depende parte do éxito na aplicación do programa.

8.- Os/as docentes que estean inscritos no Curso de Formación do Profesorado traballarán cada unha das unidades polo menos durante catro horas co fin de cubrir as horas de práctica necesarias para completar este curso.

9.- O material didáctico seralle entregado a cada centro escolar despois de que remate cada unha das proxeccións e **serán recollidas as devanditas unidades didácticas, debidamente cubertas, polos responsables do programa na proxección seguinte.**

10.- Agradecemos de antemán o traballo e mais a dedicación tanto do profesorado coma do alumnado participante.